

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN PRO PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL DE GALICIA (ASPRONAGA)

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería), e

Da outra, Don **NICANOR ÁLVAREZ ÁLVAREZ**, con DNI 32.332.281-P, en calidade de presidente da Asociación Pro Personas con Discapacidade Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), elixido para este cargo na asemblea do 15 de outubro de 2018, con CIF G-15028855, con domicilio social na Rúa Pérez Lugín nº 10, CP 15011 A Coruña; inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2019-23444-1, tal e como consta na resolución de inscrición da Xunta Directiva do 2 de xullo de 2019, e entidade titular do CEE Nuestra Señora de Lourdes.



MANIFESTAN

Primeiro. Que con data 2 de setembro de 2021 asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación pro persoas con discapacidade intelectual de Galicia (ASPRONAGA) para beneficiar con esta colaboración ao alumnado con discapacidade intelectual, de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como ao profesorado e ás familias do dito alumnado.

Segundo. Que nas cláusulas terceira e cuarta do citado convenio establécense os compromisos que asumen cada unha das entidades.

Terceiro. Que na cláusula décimo segunda establécese que estará en vigor ata o 31 de agosto de 2022, podendo ser prorrogado por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. Tamén permite que o seu contido sexa modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Cuarto. Que os membros da Comisión constituída para o seguimento do convenio, regulada na cláusula sétima, propoñen de forma unánime, a súa prórroga para os cursos 2022-2023, 2023-2024 e 2024-2025, mediante a correspondente addenda.

Por todo o anterior,

ACORDAN

Modificar o Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a



Asociación pro personas con discapacidad intelectual de Galicia (ASPRONAGA).

CLÁUSULAS

Primeira. Modifícase o contido da cláusula décimo segunda quedando da seguinte forma: *"Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, podendo ser prorrogado expresamente, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.*

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima do convenio non poderá superar 4 anos".

Segunda. En todo o demais, mantense o contido do resto de cláusulas do convenio asinado o 2 de setembro de 2021.

E, en proba de conformidade, asíñase a presente addenda no lugar e data indicados no encabezamento.

**POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL
E UNIVERSIDADES,**

O CONSELLEIRO,

**POLA ASOCIACIÓN PRO PERSOAS
CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL
DE GALICIA (ASPRONAGA),**

O PRESIDENTE,

Román Rodríguez González

Nicanor Álvarez Álvarez

